

BASES DA CONVOCATORIA QUE REXERÁN A CONCESIÓN DE PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO NA ANUALIDADE 2025

Para impulsar a práctica deportiva, a Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, convoca premios para a promoción e difusión do deporte, para a mellora e perfeccionamento dos e das deportistas lucenses, sendo consciente das dificultades dos e das deportistas lucenses de modalidades individuais, – especialmente nas etapas de iniciación– para progresaren na súa formación integral.


E de acordo, por tanto co previsto no vixente Plan Estratéxico de Subvencións, na Liña 12.1 Deportes da Área funcional de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, búscase promover ente outros obxectivos específicos:

- 1) *Promover e fomentar a participación das entidades deportivas da provincia nas distintas competicións das súas respectivas disciplinas e modalidades.*
- 4) *Fomentar o deporte autóctono e tradicional, o deporte recreativo e o dedicado a saúde. Fomentar o deporte e a práctica deportiva como instrumento de cohesión e de integración social.*
- 5) *Fomentar a través da práctica deportiva a mellora do rendemento escolar, a loita contra a obesidade, a loita contra a delincuencia ou outro tipo de adiccións.*
- 6) *Proporcionarlle á poboación a posibilidade dunha practica deportiva continuada*
- 12) *Apoiar as entidades deportivas e a práctica deportiva de deportistas de deportes individuais da provincia.*
- 13) *Propiciar a practica deportiva da poboación da provincia.*
- 14) *Promover e fomentar un aumento da practica deportiva da poboación que supoña un aumento do tempo de lecer saudable.*
- 17) *A promoción e formación deportiva a través da promoción do deporte limpo e de maior repercusión social.*
- 20) *A promoción e formación deportiva, con especial incidencia no deporte recreativo, deporte saudable e deporte autóctono e tradicional.*
- 22) *Desenvolver iniciativas novas ou de nova implantación na provincia, co fin de consolidar a practica deportiva na provincia.*

PRIMEIRO.- OBXECTO

Constitúe o obxecto das bases desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para o outorgamento de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, anualidade 2025 de modalidades deportivas de carácter individual, excluíndose, por tanto, os/as practicantes de disciplinas e modalidades de deportes de equipo, dobres, parellas, seleccións ou grupo; coordinadas ou sincronizadas, e nas que actúen simultaneamente máis dun/dunha integrante do mesmo equipo: por exemplo, 4x100, ximnasia en probas colectivas, dobres en deportes de raqueta, modalidades de máis de 1 tripulante de piragüismo, vela, remo,... pádel, volei praia, etc. Quedan expresamente excluídas as xornadas de control, copas, opens, ligas locais, ligas comarcais, ligas provinciais, etc, competicións escolares, probas populares, benéficas, e calquera outra análoga ás anteriores.

	IV7SUOY634NTX7JZSZVMD42SGY	Fecha y Hora	28/02/2025 11:13:44
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SUOY634NTX7JZSZVMD42SGY	Página	1/15



Quedan así mesmo expresamente excluídos desta convocatoria os/as deportistas individuais da disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña e vehículos históricos e enerxías alternativas na anualidade 2025.

RÉXIME DA CONVOCATORIA

Os premios para deportistas individuais da provincia de Lugo na anualidade 2025, teñen por obxecto a cobertura de custos (código obxecto 3), articularanse na modalidade premios, código instrumento axuda SUBV) sen contraprestación en réxime de concorrencia competitiva, sendo esta un tipo de subvención non cualificable como axuda de Estado a empresa (código tipo de subvención 1), finalidade, outras actuacións de carácter económico, encadrada dentro do sector económico das actividades deportivas (código sector económico 93.1) cunha finalidade de promoción deportiva (código finalidade 18), prevendo unha diminución ou eliminación das desigualdades detectadas e contribuíndo aos obxectivos das políticas de igualdade (código do impacto de xénero 3).

Pódese consultar a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo (BOP núm. 09, 11-01-2024) na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección:

<https://www.deputacionlugo.gal/es/a-deputacion/normativas-e-ordenanzas>
[Normativas e ordenanzas | Diputación de Lugo](#)

SEGUNDO.- DESTINATARIOS


Poderán ser beneficiarias dos premios da presente convocatoria as persoas físicas que sexan deportistas federados/as, de calquera categoría, e exclusivamente de modalidades deportivas individuais (excluíndose, por tanto os/as practicantes de disciplinas e modalidades de deportes de equipo, dobres, parellas, seleccións ou grupo, coordinadas ou sincronizadas, e nas que actúen simultaneamente máis dun/dunha integrante do mesmo equipo) de nacionalidade española ou residentes legais en España, que cumpran cos seguintes requisitos:

A. REQUISITOS PERSOAIS

1. Ter residencia en calquera dos municipios da provincia de Lugo, e por tanto, acreditar o seu empadramento nalgún municipio da provincia de Lugo, actualizado ao momento do inicio do prazo de presentación de solicitudes. É dicir, a data de expedición do certificado deberá ser posterior á data de publicación do extracto da convocatoria no BOP de Lugo.
2. Posuír ficha/licenza federativa durante o ano 2024 e manter na data de presentación de solicitudes (ano 2025) ficha/licenza federativa oficial, na disciplina e/ou modalidade deportiva para a que solicita o premio.
3. Estar ao corrente nas obrigas tributarias coa Facenda estatal e autonómica, así como estaren ao corrente coas obrigas coa Seguridade Social e coa Deputación Provincial.
4. Os establecidos no artigo 13 da Lei xeral de subvencións e aplicables no presente caso.
5. Non estar cumprindo sanción firme por infracción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva, cualificada como grave ou moi grave.

B. REQUISITOS E MÉRITOS DEPORTIVOS.

Para poder ser beneficiario/a do premio, o/a deportista deberá acreditar mediante a respectiva certificación federativa (modelo Anexo III) a consecución polo menos e **como mínimo de UN (1)** dos seguintes postos ou resultados deportivos individuais e referidos á súa respectiva disciplina ou modalidade deportiva e durante a anualidade 2024:

	IV7SUOY634NTX7JZSZVMD42SGY	Fecha y Hora	28/02/2025 11:13:44		
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SUOY634NTX7JZSZVMD42SGY	Página	2/15		

- Podio 1º no campionato individual provincial (da provincia de Lugo)
- Lograr do 1º ao 10º posto individual no campionato galego (ambos os dous incluídos) (cuartofinalistas en competicións por eliminatorias)
- Lograr do 1º ao 20º posto individual (ambos os dous incluídos) no campionato de España
- Participación individual no campionato de Europa
- Participación individual no campionato do mundo
- Participación individual nas olimpíadas
- Campión/a universitario individual galego.
- Lograr do 1º ao 3º posto individual no campionato universitario estatal
- Participación individual no campionato de Europa universitario.
- Participación individual no campionato do mundo universitario.

O logro e consecución dos postos e méritos deportivos indicados neste punto para poder ser beneficiario/a de premio, deberán ser de carácter individual e estar expresamente indicados na respectiva certificación federativa de acordo cos anteriormente referidos méritos, así como a anualidade á que se refiren . De non reflectirse expresamente tales circunstancias (méritos e anualidade) na correspondente certificación, entenderase que non cumpre o requisito indicado.

Os resultados certificados pola federación só poderán ser da clasificación final. Se existise máis dunha final en calquera das competicións, o certificado federativo só deberá facer referencia e reflectir o resultado da final absoluta. Por tanto, non se considerarán válidos para os efectos de méritos deportivos da presente convocatoria, os resultados de finais que non teñan a consideración de absolutas.

Dado que as distintas modalidades deportivas teñen un calendario de competicións diferente, para os efectos da presente convocatoria, establécese como tempada de valoración o período que vai desde o **1 de xaneiro de 2024 até o 31 de decembro do 2024**.

Estes premios non serán compatíbeis con outras axudas públicas da Deputación de Lugo para a mesma finalidade.


Os premios a conceder ao abeiro da presente convocatoria concederanse en réxime de concorrencia competitiva e baixo os principios de obxectividade, transparencia, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia.

Tendo en conta as características e obxectivos dos presentes premios, establecece unha idade máxima dos/das aspirantes, limitada a 35 anos, a data límite 31 de decembro de 2024.

Esta limitación de idade non será de aplicación para deportistas de capacidades diferentes.

Tal e como se reflecte no cadro de valoración da presente convocatoria, os méritos deportivos a certificar pola respectiva federación para a súa valoración deberán referirse como mínimo a **UN (1) mellor resultado individual do/da solicitante en cada nivel dos respectivos campionatos da correspondente disciplina** e que a seguir se indican:

- Olimpíadas
- Campionato do Mundo
- Campionato de Europa
- Campionato de España
- Campionato galego (Galicia)
- Campionato provincial (provincia de Lugo)
- Campionato mundial universitario
- Campionato de Europa universitario

	IV7SUOY634NTX7JZSZVMD42SGY	Fecha y Hora	28/02/2025 11:13:44	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SUOY634NTX7JZSZVMD42SGY	Página	3/15	

- Campionato de España universitario
- Campionato galego universitario

Determinase expresamente, que en ningún caso se terán en conta xornadas de control, copas, opens, ligas locais, ligas comarcais, ligas provinciais, etc, competicións escolares, probas populares, benéficas e calquera outra análoga ás anteriores. Non se terá en conta ningún resultado que non se corresponda expresamente co respectivo campionato e co resultado individual de cada solicitante.

TERCEIRO.- CONTÍA, CRÉDITO ORZAMENTARIO E DISTRIBUCIÓN DE PREMIOS

A dotación orzamentaria total da presente convocatoria é de 150.000,00 €, distribuídos segundo o establecido nas presentes bases. Os presentes premios convócanse con cargo á aplicación orzamentaria 3410.481, segundo se recolle no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo (PLAN PLURIANUAL 2023-2025), Área de Deportes na súa liña 12.1 c) DEPORTES (aprobado por acordo de Xunta de Goberno de vinte de xaneiro de 2023). Actualización para o ano 2025 desta entidade, mediante o ANEXO I, sobre liñas actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o ano 2025 aprobado por acordo da Xunta de Goberno desta Deputación Provincial de data 24 de xaneiro de 2025.


Tendo en conta o orzamento previsto da actuación e o importe mínimo e máximo determinado por estas bases da convocatoria para cada un dos premios, o número máximo de premios a conceder será de trescentos trinta e oito (338), de acordo co criterio de puntuación total, -de maior a menor-, acadada por cada solicitante e de acordo coa puntuación asignable ao un (1) único e **mellor resultado individual (resultado deportivo con puntuación máis alta) nas respectivas probas dos respectivos campionatos da correspondente disciplina**, en base aos criterios de valoración do punto sétimo das presentes bases e da respectiva certificación federativa. Establécese como importe máximo de cada premio 2.500,00 € e como importe mínimo de cada premio 300,00 €.

A distribución do crédito orzamentario, de acordo co número máximo de premios a conceder e os máximos e mínimos importes establecidos é a seguinte:

	Número de premios	Importe	TOTAL
Ás/aos 2 deportistas con maior puntuación 2.500 €	2	2.500,00 €	5.000,00 €
Ao 3º e 4º, 2.000 €	2	2.000,00 €	4.000,00 €
Do 5º ao 8º, 1.500 €	4	1.500,00 €	6.000,00 €
Do 9º ao 23º, 1.000 €	15	1.000,00 €	15.000,00 €
Do 24 ao 53º, 750 €	30	750,00 €	22.500,00 €
Do 54º ao 113º, 500 €	60	500,00 €	30.000,00 €
Do 114º ao 338º, 300 €	225	300,00 €	67.500,00 €
TOTAL	338		150.000,00 €

Do total anterior, resérvase expresamente unha porcentaxe mínima do 10 % dos trescentos trinta e oito premios, para deportistas de disciplinas e/ou modalidades de deporte adaptado ou persoas con capacidades diferentes, de acordo á aplicación por analogía do previsto no Real Decreto-Lei 6/2020, de 19 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia en materia de servizo público de xustiza, función pública, réxime local e mecenado (artigo108). A

	IV7SUOY634NTX7JZSZVMD42SGY	Fecha y Hora	28/02/2025 11:13:44
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SUOY634NTX7JZSZVMD42SGY	Página	4/15



consideración de tal circunstancia deportiva debera acreditarse mediante certificación federativa da respectiva federación de deporte adaptado ou de persoas de capacidades diferentes, ou no seu caso, pola respectiva federación respecto da disciplina e/ou modalidade de deporte adaptado e/ou para persoas con capacidades diferentes. En consecuencia, establécese en trinta e catro (34) o número de premios asignados a este colectivo, que de non seren cubertos, pasarían a asignarse automaticamente entre o resto de solicitantes de acordo cos criterios establecidos nesta convocatoria, número que se distribuirá do seguinte xeito:


	Número de premios	Importe
Á/ao deportista con capacidades diferentes con maior puntuación 2.500€	1	2.500,00 €
2º mellor puntuación 2.000 €	1	2.000,00 €
3º mellor puntuación 1.500 €	1	1.500,00 €
4º mellor puntuación 1.000 €	1	1.000,00 €
Do 5º ao 8º mellor puntuación, 750 €	4	750,00 €
Do 9º ao 14º mellor puntuación, 500€	6	500,00 €
Do 15º ao 34º mellor puntuación, 300 €	20	300,00 €
TOTAL	34	

No suposto de se acadar o límite máximo de premios a conceder indicado anteriormente (338), –para a determinación da relación de deportistas premiados/as–, e para os exclusivos efectos de que se produza calquera empate na determinación da puntuación total de cada un dos beneficiarios/as, atenderase aos criterios que a seguir se indican, co seguinte detalle, orde e prelación:

- Deportista menor idade do/da solicitante
- Deportista solicitante participante en categoría deportiva feminina
- Deportista co mellor resultado individual nas olimpíadas.
- Deportista co mellor resultado individual no campionato do mundo
- Deportista co mellor resultado individual no campionato de Europa
- Deportista co mellor resultado individual no campionato de España
- Deportista co mellor resultado individual no campionato galego
- Deportista co mellor resultado individual no campionato provincial (Lugo)
- Deportista co mellor resultado individual no campionato mundial universitario
- Deportista co mellor resultado individual no campionato de Europa universitario
- Deportista co mellor resultado individual no campionato de España universitario
- Deportista co mellor resultado individual no campionato galego universitario

A priorización de criterios de idade e deportistas de disciplina feminina, atende a aposta da Área de Deportes por incentivar a práctica deportiva da infancia e o deporte de categorías base, e así mesmo na liña de atender o establecido no artigo 3.d) Principios reitores da *Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia*, e co ánimo de favorecer e primar o “impulso da participación da muller en todos os ámbitos da actividade deportiva”.

De se seguir producindo o referido empate procederase de xeito excepcional á valoración dos respectivos segundos e sucesivos mellores resultados de cada un dos e das deportistas nos respectivos campionatos e que se reflectan nos certificados emitidos pola respectiva federación até que se produza o referido desempate, e de acordo co seguinte detalle, orde e prelación:

	IV7SUOY634NTX7JZSZVMD42SGY	Fecha y Hora	28/02/2025 11:13:44	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SUOY634NTX7JZSZVMD42SGY	Página	5/15	

- Deportista co mellor resultado individual nas olimpíadas.
- Deportista co mellor resultado individual no campionato do mundo
- Deportista co mellor resultado individual no campionato de Europa
- Deportista co mellor resultado individual no campionato de España
- Deportista co mellor resultado individual no campionato galego
- Deportista co mellor resultado individual no campionato provincial (Lugo)
- Deportista co mellor resultado individual no campionato mundial universitario
- Deportista co mellor resultado individual no campionato de Europa universitario
- Deportista co mellor resultado individual no campionato de España universitario
- Deportista co mellor resultado individual no campionato galego universitario

CUARTO.- DOCUMENTACIÓN, FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

As solicitudes dirixiranse ao Presidente e serán presentadas no prazo e na forma establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na presente convocatoria e formularanse nos modelos normalizados xunto coa documentación que sexa preciso achegar. a través de calquera das seguintes modalidades:

- a) De forma presencial. Mediante a presentación da solicitude e da documentación anexa nos respectivos modelos normalizados na oficina de asistencia ao cidadán en materia de Rexistro da Deputación Provincial de Lugo ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- b) De forma telemática. A presentación das solicitudes que se realice por medios telemáticos deberá facerse a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Deputación de Lugo <http://www.deputacionlugo.gal>. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación admitidos pola sede electrónica da Deputación de Lugo.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o número de rexistro de entrada e/ou de expediente, se dispón del, e o servizo responsable do procedemento.

No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos pola sede electrónica ou teña un formato non admitido pola sede electrónica, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos.


O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles, a contar a partir do día seguinte da publicación no BOP da provincia de Lugo do extracto da convocatoria.

Cada deportista só poderá presentar **UNHA (1) ÚNICA solicitude** (Anexo I) e **optar a UN (1) ÚNICO PREMIO e por unha única disciplina deportiva**, independentemente do número de disciplinas e/ou modalidades deportivas que practique. En consecuencia, só se terá en conta a disciplina identificada na respectiva solicitude (ANEXO I) e exclusivamente a puntuación asignable á referida disciplina.

As **solicitudes (Anexo I)** virán acompañadas da seguinte documentación:

- A) Copia do DNI do interesado/a (**no caso de ser menor de idade na data de solicitude deberán achegar tamén a copia do DNI do pai/nai/titor/a e asinar ambas as dúas persoas todos os anexos**).
- B) **Certificado de empadramento** do/da solicitante no concello da provincia de Lugo actualizado ao momento do inicio do prazo de presentación de solicitudes. É dicir, a data de expedición do certificado deberá ser posterior á data de publicación do extracto da convocatoria no BOP.
- C) **Declaración responsable (ANEXO II)** na que se reflicta que:

	IV7SUOY634NTX7JZSZVMD42SGY	Fecha y Hora	28/02/2025 11:13:44
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SUOY634NTX7JZSZVMD42SGY	Página	6/15



- I. – Que cumpre cos requisitos establecidos nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario/a do premio, para obter a condición de beneficiario/a do premio.
- II. Que en anos anteriores, de ter recibido unha bolsa/premio polo mesmo concepto da Deputación de Lugo, cumpriu coas obrigas inherentes ao mesmo.
- III. – Que non solicitou/recibiu outra axuda da Deputación de Lugo para a mesma finalidade.
- IV. – Que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias (Axencia Tributaria estatal, coa facenda galega e Deputación Provincial de Lugo) e coa Seguridade Social, no momento da sinatura da presente declaración. E que se compromete a manter o cumprimento das devanditas obrigas durante o período inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro do premio outorgado pola Deputación de Lugo.
- V. Que non é debedor por resolución de procedencia de reintegro no momento da sinatura da presente declaración. E que se compromete a manter o cumprimento das devanditas obrigas durante o período inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro do premio outorgado pola Deputación de Lugo.
- VI. Que SI NON autoriza á Deputación Provincial de Lugo a facerlle comunicacións a través do correo electrónico indicado na solicitude, para o procedemento de concesión de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo na anualidade 2025.

D) Documento bancario. Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número de conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do correspondente premio e no que necesariamente figurará como titular o/a deportista solicitante. O aboamento do premio será efectuado mediante transferencia bancaria á conta sinalada polo/a solicitante.

E) DOCUMENTACIÓN DE CARÁCTER DEPORTIVO PARA A AVALIACIÓN DA SOLICITUDE:

Certificación expedida pola respectiva federación de posesión da correspondente licenza federativa oficial individual para a respectiva disciplina e/ou modalidade deportiva para a que solicita o premio, durante a anualidade 2024 e na anualidade da solicitude do premio (ano 2025), e así mesmo dos resultados deportivos individuais por cada nivel territorial obtidos polo/a solicitante no período comprendido desde o 1 de xaneiro de 2024 e o 31 de decembro de 2024 (Anexo III).


O referido anexo deberá reflectir así mesmo, o club/equipo (con indicación de lucense) ao que pertence o/a deportista solicitante, acreditar que se trata ou non de deportista participante en categoría deportiva feminina e se trata ou non de deportista de disciplina e/ou modalidade de deporte adaptado ou para persoas con capacidades diferentes.

A respectiva federación, ao expedir o respectivo certificado, será a responsable de acreditar a veracidade e validez dos resultados reflectidos no certificado, respectando e cinxíndose a todas e cada unha das indicacións da tipoloxía de probas e competicións establecidas na presente convocatoria.

O referido certificado expedido e asinado expresamente pola federación deberá reflectir :

- Os resultados persoais, individuais e de probas absolutas obtidos polo/a solicitante: Como mínimo un **(1) mellor resultado individual do/da solicitante en cada nivel dos respectivos campionatos** da correspondente disciplina no período comprendido desde o 1 de xaneiro de 2024 e o 31 de decembro de 2024 nos respectivos campionatos individuais reflectidos no cadro de valoración.
- O referido certificado deberá reflectir a data, disciplina deportiva, consideración oficial do campionato (olimpíadas, campionato do mundo, de Europa, de España, galego, provincial (provincia de Lugo), universitario mundial, universitario europeo, universitario estatal, universitario galego), lugar de

	IV7SUOY634NTX7JZSZVMD42SGY	Fecha y Hora	28/02/2025 11:13:44
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SUOY634NTX7JZSZVMD42SGY	Página	7/15



celebración, modalidade deportiva e posto persoal e individual global/final no respectivo campionato logrado individualmente polo/a deportista solicitante.

En consecuencia, o referido certificado federativo, non deberá incluír en ningún caso, e por tanto non se terán en conta probas e resultados deportivos colectivos, de equipo, de club, de grupo ou de selección. Así mesmo, non deberá incluír nin se terán en conta os resultados das posibles probas clasificatorias para os respectivos campionatos ou clasificatorias para as respectivas finais.

Por tanto, a federación non deba certificar resultados de probas e resultados deportivos colectivos, de equipo, de club, de grupo ou de selección, nin resultados das posibles probas clasificatorias para o respectivo campionato ou clasificatorias para as respectivas finais, nin de finais non absolutas, nin calquera outro que non teña carácter oficial dos respectivos campionatos e que non sexa considerado pola federación como resultado individual.

- A posesión de licenza deportiva da respectiva federación oficial por parte do/da solicitante na disciplina ou modalidade deportiva para a que solicita o premio, na anualidade 2024 e na actualidade (ano 2025).
- Que o/a solicitante non está cumprindo sanción firme por infracción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva, cualificada como grave ou moi grave.
- Que o/a solicitante competiu ou non en categoría deportiva feminina:
- Que o/a solicitante competiu ou non en disciplina e/ou modalidade de deporte adaptado ou para persoas con capacidades diferentes.
- A pertenza na anualidade 2024 a algún club da provincia de Lugo,


Para o trámite de valoración de méritos deportivos, a respectiva federación deportiva deberá certificar **como mínimo un (1) mellor resultado individual acadado no respectivo nivel territorial e/ou competitivo** (olimpiadas, mundial, europeo, estatal, galego e provincial lucense, mundial universitario, europeo universitario, estatal universitario e galego Universitario) de acordo co modelo Anexo III e para os efectos de aplicación do baremo de puntuación establecido no punto sétimo da convocatoria.

O mencionado anexo deberá ser emitido e asinado pola respectiva federación, acreditando a veracidade dos méritos deportivos alegados.

Lémbrese expresamente, que en ningún caso se terán en conta xornadas de control, copas, opens, ligas locais, ligas comarcais, ligas provincias, etc, competicións escolares, probas populares, benéficas e calquera outra análoga ás anteriores. Non se terá en conta ningún resultado que non se corresponda expresamente co respectivo campionato e co resultado individual de cada solicitante.

Non procederá a valoración e por tanto, non se terán en conta aqueles posibles resultados reflectidos na certificación federativa que non se adapten ao previsto na base Segunda B e non se axusten ao expresado nas bases da presente convocatoria. En consecuencia, non procederá a valoración do mérito deportivo da respectiva certificación federativa que non acredite expresamente a data do resultado, a disciplina deportiva, a identificación expresa do campionato de acordo co previsto na base Segunda B (Olimpiadas/Campionato do Mundo/Campionato de Europa/Campionato de España/Campionato galego (Galicia)/Campionato provincial (provincia de Lugo)/Campionato mundial universitario/Campionato de Europa universitario/Campionato de España universitario/Campionato galego universitario), lugar de celebración e o posto individual conseguido polo/a solicitante de premio ou calquera outro dato preciso para a valoración dos méritos deportivos prevista nas bases da presente convocatoria.

	IV7SUOY634NTX7JZSZVMD42SGY	Fecha y Hora	28/02/2025 11:13:44
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SUOY634NTX7JZSZVMD42SGY	Página	8/15



Os anexos que figuran na documentación requirida estarán a disposición das persoas solicitantes na páxina web da Excm. Deputación Provincial de Lugo, www.deputacionlugo.gal. A presentación das solicitudes supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nelas.

A concorrencia ao proceso de concesión dos premios implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE.

A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión de tramitación do expediente correspondente.

QUINTO.- PROCEDEMENTO

Unha vez presentada a solicitude, o centro xestor da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica da Deputación de Lugo, revisará a documentación achegada.

Se a solicitude non reúne os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP) requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta, para que nun prazo de **10 días hábiles** emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que se transcorrido o prazo non o fixera, terase por desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21.

A non presentación da documentación precisa ou a omisión de datos de xeito total ou parcial terá como consecuencia a non valoración dos méritos dentro dos criterios establecidos que non estean suficientemente xustificadas.

SEXTO.- AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES

A Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica desta Deputación Provincial de Lugo será a encargada de instruír e tramitar os respectivos expedientes. Para tal efecto constituirase unha Comisión de Avaliación que se encargará da valoración das solicitudes presentadas e formulará unha proposta a través do órgano instrutor consonte ao disposto no Artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

A devandita Comisión estará composta por tres funcionarios da Deputación de Lugo, a Sra. Interventora e o Sr. Secretario Xeral da Deputación Provincial.

As regras de funcionamento da Comisión serán as recollidas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Os funcionarios/as da Deputación que se integrarán na sinalada Comisión de avaliación serán designados por Resolución da Presidencia, que precisará quen ostentará a Presidencia.


Revisados os expedientes e completados, de ser o caso, remitiranse á Comisión de Valoración para que esta proceda á súa avaliación e informe, no que se concretará o resultado da avaliación efectuada.

SÉTIMO.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

Tendo en conta o orzamento previsto da actuación e o importe mínimo e máximo determinado por estas bases de convocatoria para cada un dos premios, o número máximo de premios a conceder será de trescentos trinta e oito (338), de acordo co criterio de puntuación total, -de maior a menor-, acadada por cada solicitante e de acordo aos seguintes criterios:

- a) A puntuación asignable ao **un (1) único e mellor resultado individual (resultado deportivo con puntuación máis alta) nas respectivas probas dos respectivos campionatos da correspondente**

	IV7SUOY634NTX7JZSZVMD42SGY	Fecha y Hora	28/02/2025 11:13:44
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SUOY634NTX7JZSZVMD42SGY	Página	9/15



disciplina no respectivo nivel territorial, en base aos criterios de valoración e da respectiva certificación federativa.

b) Así mesmo, na procura dun expreso apoio aos clubs da provincia de Lugo, a aqueles deportistas que acrediten na respectiva certificación federativa a súa pertenza na anualidade 2024 a algún club da provincia de Lugo, asignaráselles unha puntuación individual específica por tal circunstancia, e na cantidade de dous (2) puntos.

En consecuencia, a puntuación total de cada solicitante será o sumatorio da puntuación que no seu caso proceda respecto do mellor resultado (1 resultado) deportivo acreditado pola respectiva certificación federativa nas respectivas competicións deportivas de acordo ao cadro de valoración e puntuacións das presentes bases, máis a puntuación que no seu caso proceda en aplicación do previsto no punto b) da presente base.

De ser preciso dirimir desempates, procederase a establecer a orde do desempate de acordo ás previsións recollidas no punto Terceiro das presentes bases da convocatoria.


Os resultados a valorar deberán cinxirse exclusivamente á disciplina e/ou modalidade deportiva individual para a que se solicita o premio e na que o/a deportista teña a correspondente ficha federativa. De acordo co establecido nas presentes bases, puntuaranse o resultado individual acreditados na respectiva certificación federativa no período que vai desde o día 1 de xaneiro de 2024 até o 31 de decembro do mesmo ano. Todos os/as solicitantes deberán acreditar a súa participación e resultados individuais con certificación da federación correspondente. Á hora de realizar a valoración cualificaranse os resultados acadados por cada deportista nas respectivas probas individuais e segundo o baremo establecido.

En consecuencia, non se valorarán os resultados en probas de conxunto, colectivas, de club, de equipo, de selección, de dobres, parellas ou grupo; coordinadas ou sincronizadas, nas que actúen simultaneamente máis dun integrante do mesmo equipo. Por exemplo, probas de 4x100, ximnasia en probas colectivas, dobres en deportes de raqueta, modalidades de piragüismo, vela ou remo de máis de 1 tripulante, volei praia, etc.

Especificamente e dadas as características de determinadas disciplinas e modalidades deportivas cuxas competicións se desenvolvan por eliminatorias, e para os efectos de valoración e a asignación de puntuación por méritos, establécese o seguinte criterio:

- Naquelas disciplinas e modalidades deportivas que se desenvolvan por eliminatorias, a certificación federativa deberá indicar expresamente o posto logrado polo/a deportista solicitante, (é dicir, 1º ou campión/a, 2º ou subcampión/a, 3º, 4º....) en cada competición certificada.
- De non darse tal circunstancia, e de reflectirse na certificación federativa, a consecución do posto de semifinalista, cuartofinalista ou oitavofinalista, entenderase que o posto logrado se corresponderá co correlativo á eliminatoria da competición de que se trate de acordo cos participantes en cada unha das referidas eliminatorias, aplicándolles a correspondente puntuación establecida no cadro xeral, de acordo coa seguinte equivalencia :

SEMIFINALISTAS	4º posto
CUARTOFINALISTAS	8º posto
OITAVOFINALISTAS	16º posto

	IV7SUOY634NTX7JZSZVMD42SGY	Fecha y Hora	28/02/2025 11:13:44	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SUOY634NTX7JZSZVMD42SGY	Página	10/15	

Táboa de puntuación

Posto	Olímpadas	Cto. do Mundo	Cto. de Europa	Cto. de España	Cto. Galego	Cto. Provincial (Lugo)	Cto. do Mundo Universitario	Cto. de Europa Universitario	Cto. de España Universitario	Cto. galego Universitario
1º	1000	500	300	100	40	10	80	50	25	10
2º	850	425	255	85	34		68	43	21	8
3º	723	361	217	72	29		58	36	18	6
4º	650	325	195	65	26		49	31	15	5
5º	585	293	176	59	23		42	26	13	4
6º	556	278	167	56	21		35	22	11	
7º	528	264	158	53	19		30	19	9	
8º	502	251	151	50	17		26	16	8	
9º	477	238	143	48	15		22	14	7	
10º	453	226	136	45	14		19	12	6	
11º/16º	400	175	60	25	6					
17º/25º	350	150	50	20	4					
Participación (por debaixo de posto 25º)	300	75	35	10	1					

Por pertencer a un equipo lucense na anualidade 2024: 2 puntos.

	IV7SUOY634NTX7JZSZVMD42SGY	Fecha y Hora	28/02/2025 11:13:44
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SUOY634NTX7JZSZVMD42SGY	Página	11/15



OITAVO.-ACORDOS DE CONCESIÓN E NOTIFICACIÓNS

- Acordo de concesión provisional:

1. O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da Comisión de valoración, efectuará a proposta de concesión provisional, previa fiscalización, debidamente motivada, á Xunta de Goberno na que se expresará a/o solicitante ou solicitantes para os que se propón a concesión de premios e a súa contía, especificando os criterios de valoración utilizados na avaliación, así como, de ser o caso, a desestimación do resto de solicitudes, establecendo así mesmo, a orde de puntuación para os posíbeis premiados/as suplentes.

Ao abeiro do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o acordo de concesión provisional do procedemento non será obxecto de notificación individualizada senón que será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP, concedendo un prazo de dez (10) días hábiles, a contar a partir do día seguinte ao da publicación no BOP, para a presentación de alegacións.

Así mesmo, o citado acordo publicarase na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org.

2. Finalizado, no seu caso, o trámite de audiencia sen formularse alegacións, o acordo de concesión provisional terá carácter definitivo e procederase á publicación no BOP de Lugo e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

www.deputacionlugo.org.

- Acordo de concesión definitiva:

1. No caso de presentarse alegacións no trámite de audiencia, o órgano instrutor, tras examinar as mesmas, formulará a proposta de concesión definitiva, previa fiscalización, na que se expresará a/o solicitante ou solicitantes para os que se propón a concesión de premios e a súa contía, especificando os criterios de valoración utilizados na avaliación e, no seu caso, a desestimación do resto de solicitudes, establecendo así mesmo, a orde de puntuación para os posíbeis premiados/as suplentes.

2. En base á proposta do órgano instrutor a Xunta de Goberno resolverá o procedemento.


Ao abeiro do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o acordo da concesión definitiva do procedemento non será obxecto de notificación individualizada senón que será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP.

Así mesmo, o citado acordo publicarase na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org.

De acordo ao previsto no artigo 22 da Ordenanza Xeral de subvencións da Deputación de Lugo, no caso de que os beneficiarios non comuniquen á Excm. Deputación Provincial a renuncia á referida concesión, no prazo máximo de cinco días hábiles a partir da publicación do anuncio ou do acordo de concesión definitiva no BOP, entenderase que aceptan o premio.

O acordo de resolución definitiva de concesión ou denegación das subvencións aos beneficiarios pon fin á vía administrativa polo que contra o mesmo cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación do referido acordo no BOP de Lugo, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións

	IV7SUOY634NTX7JZSZVMD42SGY	Fecha y Hora	28/02/2025 11:13:44
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SUOY634NTX7JZSZVMD42SGY	Página	12/15



públicas, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación do referido acordo citado acordo no BOP, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso- Administrativa. Se optase por interpoñer recurso de reposición potestativo non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo. Todo isto sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime procedente.

3. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder dos seis meses. O prazo computarase a partir da publicación do extracto da convocatoria no BOP de Lugo.

4. Entenderase desestimada a solicitude, cando transcorrido o devandito prazo non recaese resolución expresa, de conformidade co previsto no artigo 24 da Lei 39/2015, sen prexuízo da obrigación de resolver expresamente que impón o artigo 21 do mesmo texto legal. A resolución expresa posterior ao vencemento do prazo adoptarse pola Administración sen vinculación algunha ao sentido do silencio, de conformidade co preceptuado polo artigo 24.3. b) da Lei 39/2015.

Á Área de Deporte, de se producir algunha renuncia, poderá nese caso propoñer, -de así o considerar,- a asignación de premio suplente de acordo co referida listaxe e coa puntuación obtida por cada un dos/das solicitantes, con data límite 31/10/2025 e tendo en conta o crédito dispoñible.

NOVENO.- PAGAMENTO DOS PREMIOS

O pagamento dos premios farase nun único pagamento previa proposta efectuada polo deputado-delegado da Área de Deporte e tras un informe do xefe de servizo de Deportes da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, no que se fará constar a existencia e custodia dentro da Unidade Administrativa, da documentación requirida aos/ás solicitantes no punto cuarto das Bases e achegar copia da documentación contida no referido punto cuarto, puntos a), c), e d) ao Servizo de Intervención.

Non haberá posibilidade de efectuar pagamentos anticipados e aboamentos a conta do premio concedido.

Procederase a respectiva retención de IRPF de cada un dos premios concedidos, segundo a normativa vixente.

DÉCIMO.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS/AS

Os beneficiarios/as dos premios están obrigados a facilitar a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Deputación de Lugo, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das funcións de fiscalización e control de destino das referidos premios.

Cumprir todas as normas establecidas nos apartados anteriores.


Publicitar a súa condición de receptor/a de premios da Deputación de Lugo nas competicións e actividades deportivas nas que participe, a través dos soportes e mecanismos dos que dispoña na súa actividade deportiva, e colaborar no seu caso coa Deputación na promoción do deporte e da actividade física na provincia a través daqueles actos ou actividades que desenvolva a Área de Deportes da Deputación de Lugo, se así se lle requirise.

UNDÉCIMO.- RENUNCIA, REVOGACIÓN E REINTEGRO DE CANTIDADES.

Os premios concedidos deberán devolverse ou reintegrarse nos seguintes casos:

- Por obtelos falseando as condicións requiridas
- Por incumprir a persoa beneficiaria as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases.

	IV7SUOY634NTX7JZSZVMD42SGY	Fecha y Hora	28/02/2025 11:13:44
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SUOY634NTX7JZSZVMD42SGY	Página	13/15



A renuncia ao premio poderase facer por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De se acreditar as circunstancias indicadas ou de se producir a a renuncia, dará lugar á devolución das cantidades percibidas e así mesmo á esixencia do xuro de mora correspondente dende o momento do pagamento do premio ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, ou a data na que o debedor ingrese o reintegro se é anterior a esta, de conformidade con canto se establece no artigo 36 da Ordenanza Xeral de subvencións desta Deputación, no artigo 34.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións e no artigo 31.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia, no prazo que establece o Regulamento Xeral de Recadación.

DUODÉCIMO.-PLAN DE AUDITORÍA

A efectos de executar o control financeiro e a fiscalización plena posterior en materia de subvencións pola Intervención Provincial levarase a cabo un Plan de Auditoría anual que indique o alcance da comprobación, tanto a mostra e forma de selección, como as principais actuacións a comprobar, que como mínimo serán as seguintes:

- Comprobar a execución polos beneficiarios das actividades ou investimentos subvencionables e o cumprimento da finalidade para a que foron concedidas.
- Verificar a existencia e custodia polo beneficiario das facturas, certificacións ou documentos xustificativos da subvención.
- Verificar a data de pago dos devanditos documentos.

Para a execución do Plan de Auditoría, a Intervención Provincial pode, en caso de insuficiencia de medios propios dispoñibles, recabar a colaboración de empresas privadas de auditoría.

DÉCIMO TERCEIRO.- VIXENCIA E MODIFICACIÓN DAS BASES

A vixencia da bases comezará no momento da publicación do extracto da convocatoria no BOP de Lugo, con efectos económicos do 1 de xaneiro de 2025, e manterá a súa vixencia ata o aboamento dos premios que salvo prórroga expresa antes da súa finalización, será o 31 de xaneiro de 2027, debendo estar aprobados na data límite do 31 de decembro de 2026.

As presentes bases poden ser obxecto de modificación pola Xunta de Goberno sempre que as mesmas estean vixentes.

DÉCIMO CUARTO.- RÉXIME XURÍDICO

Para todos aqueles extremos non previstos nestas bases da convocatoria, aplicarase a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e con carácter supletorio a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Lei 29/1999 do 13 de xullo reguladora da xurisdición contencioso administrativa, o RD 887/06, de 21 de xullo polo que se aproba o regulamento de subvencións; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galiza; a Ordenanza xeral de de subvencións da Excm. Deputación Provincial de Lugo, aprobada por acordo do Pleno de data 26 de setembro de 2023. (BOP núm. 09, 11-01-2024) ; o Regulamento Orgánico da Deputación; as Bases de execución do orzamento e a normativa sobre delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da concesión, así como a demais normativa vixente que resulte de aplicación.


	IV7SUOY634NTX7JZSZVMD42SGY	Fecha y Hora	28/02/2025 11:13:44
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SUOY634NTX7JZSZVMD42SGY	Página	14/15



Autorízase ao órgano competente da Deputación de Lugo para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento destas bases da convocatoria.

DÉCIMO QUINTO.- RÉXIME DE RECURSOS

O acordo de aprobación das presentes bases e os seus anexos pon fin á vía administrativa polo que contra o mesmo cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOP de Lugo, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOP de Lugo, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpoñer recurso de reposición potestativo non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo. Todo isto sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime procedente.

	IV7SUOY634NTX7JZSZVMD42SGY	Fecha y Hora	28/02/2025 11:13:44	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SUOY634NTX7JZSZVMD42SGY	Página	15/15	